



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

Esta materia é de carácter teórico-práctico onde se estudarán e analizaranse os distintos elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos do sistema tonal occidental, así como anteriores e posteriores a este.

OBXECTIVOS

- Coñecer os principais acordes da harmonía tradicional, así como a súa funcionalidade e uso común pertencentes ao Romanticismo, Final de Século e Inicio do século XX.
- Coñecer os principais procedementos contrapuntísticos da harmonía tradicional e o seu uso común pertencentes ao Romanticismo, Final de Século e Inicio do século XX.
- Desenvolver a capacidade analítica en partituras, da harmonía tradicional así como a súa evolución histórica nos diferentes estilos e épocas (Romanticismo, Final de Século e Inicio do século XX).
- Desenvolver a capacidade de realización harmónica nos acordes básicos das diferentes épocas e estilos conforme á súa aparición histórica (Romanticismo, Final de Século e Inicio do século XX).
- Identificar auditivamente os procedementos harmónicos e contrapuntísticos apresos e analizados mediante unha escoita interna definida pola funcionalidade dos grados.
- Coñecer as interrelacións formais entre partes dunha obra, en base ás relacións harmónicas existentes.
- Coñecer as particularidades organolóxicas dos instrumentos.
- Coñecer as particularidades tímbricas das partituras.
- Desenvolver a capacidade de interpretación en grupo con base nos procedementos harmónicos estudados.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

CURSO 1º

CONCEPTOS

TRIMESTRE 1º

- Traballarase de modo teórico e práctico o funcionamento das estruturas harmónico-contrapuntísticas e funcionamento dos grados, así como o comportamento e/ou enlace das mesmas do sistema tonal occidental.
- Estudarase analiticamente e de modo práctico o sentimento cadencial, a través do estudo do funcionamento cadencial da harmonía barroca, clásica, e primeiro romanticismo, 6/4 cadencial, II V I, cadencias plagais, etc.

TRIMESTRE 2º

- Continuarase coa aprendizaxe e funcionamento da modulación así como os diferentes tipos e xeitos de modular (modulación cromática, diatónica, enharmónica). Estudo dos acordes do modo menor, sexta napolitana, notas estrañas ao acorde (floreo, de paso, escapada, apoiatura, o maior mixto, dominantes secundarias, etc.)
- Estudo dos factores que dan como resultado o afianzamento e evolución da tonalidade, así como os principios harmónicos e compositivos que darán como resultado novos linguaxes de expresión musical e que determinan os diferentes estilos.
- Estudarase os principios do movemento de voces, e a súa relación coa harmonía, é dicir os distintos elementos de movemento melódico.

TRIMESTRE 3º

- Continuarase o estudo dos novos fundamentos compositivos e harmónicos da música posterior ao clasicismo e barroco.
- Traballarase de modo analítico e práctico, texturas harmónicas e típicamente imitativas, como o canon, pequenas invencións a dúas e a tres voces, así como composicións libres de carácter polifónico.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

PROCEDEMENTOS

- Estudo analítico e práctico dos diferentes elementos da harmonía tradicional no Barroco e clasicismo a través de pequenas pezas como preludios, sonatinas, pequenas sonatas, e en xeral música de cámara que estean interpretando ou interpreten os alumnos. Tamén se traballarán tanto a nivel analítico como instrumental obras diversas dos diferentes estilos.
- Estudo analítico e práctico dos diferentes elementos da harmonía tradicional a través de exercicios de carácter polifónico libre nos cales estudaranse os diferentes contidos do curso: exercicios de cantos e baixos dados, corais harmonizados, figurados, etc.
- Estudaranse, analizarán e interpretarán pequenas composicións orixinais elaboradas polos alumnos , así como, outras obras ou fragmentos (de diferentes estilos) adaptados á organización instrumental do grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua, non entanto, de forma periódica poderanse recoller exercicios ou traballos de realización harmónico-contrapuntística e analítica dos autores ou estilos vistos en cada trimestre. Realizaranse polo menos unha improvisación-transporte-interpretación por cada instrumento ou familia de instrumentos do grupo de clase en cada trimestre.
- Valorarase a capacidade analítica da harmonía, procedementos cadenciais, progresións harmónicas e uso das notas estrañas, así como a formación de acordes tríadas e cuatríadas e procedementos contrapuntísticos básicos.
- Valorarase a capacidade de realización harmónica en base a acordes tipo e progresións harmónicas tonais e modulantes dos diferentes estilos estudados.
- Valorarase o coñecemento organolóxico básico dos instrumentos que compoñen o persoal de clase, así como de forma xeral o resto.
- Valorarase a percepción auditiva e a súa correspondente realización escrita de procedementos harmónicos básicos, estudados en clase así como dos contrapuntísticos.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia, xuño e setembro

- Ao final do curso, a aqueles alumnos que non atinxisen os obxectivos previstos na programación do curso se lles realizará unha proba completa que comprenda todos os contidos do curso.
 - a) Análise harmónico dunha partitura ou fragmento.
 - b) Corrección de erros harmónicos e de notas estrañas nun exercicio dado
 - c) Realización dun exercicio harmónico de estilo definido polo profesor, que incluíra notas estrañas especificadas no enunciado e que se corresponderán co estudado no curso.
 - d) Comentario organolóxico dos instrumentos que conteña unha partitura dada.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 6 horas.

NOTA:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntalos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar a proba global citada anteriormente, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - Aqueles alumnos que realicen a **proba de ampliación** deberán, tamén, presentar os traballos.
5. - O **contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
6. - O **sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaínte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

CURSO 2º

CONCEPTOS

TRIMESTRE 1º

- Traballarase de modo teórico e práctico o funcionamento das estruturas harmónico-contrapuntísticas e funcionamento dos grados, así como o comportamento e/ou enlace das mesmas do sistema tonal occidental.
- Estudarase analíticamente e de modo práctico o sentimento cadencial, a través do estudo do funcionamento cadencial da harmonía clásica, romántica e de fins de século, 6/4 cadencial, II V I, cadencias plagais, etc.

TRIMESTRE 2º

- Continuarase coa aprendizaxe e funcionamento da modulación así como os diferentes tipos e xeitos de modular (modulación cromática, diatónica, enharmónica). Estudo dos acordes de sétima, e principais acordes alterados (ampliación da tonalidade, maior mixto, 6 napolitana V/V, etc.)
- Estudo dos factores que dan como resultado o esgotamento e ruptura da tonalidade, así como os principios harmónicos e compositivos que darán como resultado novos linguaxes de expresión musical (nacionalismo, modalismo, impresionismo, dodecafonismo, etc.)
- Estudarase os principios do movemento de voces, e a súa relación coa harmonía, é dicir os distintos elementos de movemento melódico: notas de paso, floreos ou bordaduras.

TRIMESTRE 3º

- Continuarase o estudo dos novos fundamentos compositivos e harmónicos da música posterior á práctica común.
- Traballaranse de modo analítico e práctico, texturas harmónicas e típicamente imitativas, como o canon, pequenas invencións a dúas e a tres voces, así como composicións libres de carácter polifónico.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

PROCEDEMENTOS

- Estudo analítico e práctico dos diferentes elementos da harmonía tradicional no romanticismo a través de pequenas pezas como nocturnos, romanzas, vales, lied, etc. Tamén se traballarán tanto a nivel analítico como instrumental obras diversas dos diferentes estilos.
- Estudo analítico e práctico dos diferentes elementos da harmonía tradicional a través de exercicios de carácter polifónico libre nos cales estudaranse os diferentes contidos do curso: exercicios de cantos e baixos dados, corais harmonizados, figurados, etc.
- Estudaranse, analizarán e interpretarán pequenas composicións orixinais elaboradas polos alumnos , así como, outras obras ou fragmentos (de diferentes estilos) adaptados á organización instrumental do grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua, non obstante, de forma periódica se poderán recoller exercicios ou traballos de realización harmónico-contrapuntística e analítica dos autores ou estilos vistos en cada trimestre.
- Realizarán-se alomenos unha improvisación-transporte-interpretación por cada instrumento ou familia de instrumentos do grupo de clase en cada trimestre.
- Realización dun exercicio harmónico de estilo definido polo profesor, que incluírá notas estrañas especificadas no enunciado e se corresponderán co estudado no curso.
- Comentario organolóxico dos instrumentos que conteña unha partitura dada.

PROBAS OBXECTIVAS:

Ampliación, suficiencia , xuño e setembro

- Ao final do curso, a aqueles alumnos que non atinxisen os obxectivos previstos na programación do curso se lles realizará unha proba completa que comprenda todos os contidos do curso:
 - a) Análise harmónico dunha partitura ou fragmento
 - b) Corrección de erros harmónicos e de notas estrañas nun exercicio dado
 - c) Realización dun exercicio harmónico de estilo definido polo profesor , que incluírá notas estrañas especificadas no enunciado e que se corresponderán co estudado no curso
 - d) Comentario organolóxico dos instrumentos que conteña unha partitura dada

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 6 horas.



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

NOTA:

1. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de xuño** e non entregasen os traballos, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
2. - Os alumnos que se presenten á **convocatoria de setembro** e non entregasen os traballos en xuño, ou os entregasen incompletos, deberán adxuntarlos o día do exame.
3. - **Os alumnos que non haxan cumprido os créditos** deberán realizar a proba global citada anteriormente, determinada polo Departamento ou polo Profesor, consistente na realización de un ou varios exercicios que comprendan os contidos da materia e nos que o alumno demostre que está capacitado para atinxir os obxectivos establecidos na programación. Asemade, deberán adxuntar os traballos o día do exame.
4. - **O contido das probas obxectivas** é o que figura na programación de cada unha das materias adscritas ao Departamento.
5. - **O sistema de cualificación** consignarase nos termos de suspenso, aprobado, notable, sobresaiñte e matrícula de honra. As **cualificacións serán comunicadas** aos alumnos nas clases y/o mediante certificación (papeleta) da secretaria do Centro.

METODOLOXÍA

Material Curricular Básico

- Tratado de formas musicales de Joaquín Zamacois
Ed. Span Press Universitaria
- Formas de sonata de Charles Rosen
Ed. Span Press Universitaria
- Análisis del estilo musical de Jan LaRue.
Ed. Span Press Universitaria 1998
- Tratado de harmonía de Joaquín Zamacois. Libros II y III
Ed. Span Press Universitaria 1997
- Harmonía de Walter Piston
Ed. Spans Press Universitaria 98

Agrupamentos

- Grupos de 10/1 unha vez por semana 1 hora e 30 minutos cada sesión de clase

Espazos

- Aulas de 30 metros cadrados

Materiais

- Material discográfico e partituras
- Equipos de Audio (un por cada clase)
- TV e Vídeo



DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN
ESPECIALIDADE TODAS AGÁS COMPOSICIÓN

**MATERIA: PRÁCTICA HARMÓNICO-
CONTRAPUNTÍSTICA**

- Ordenadores (un por cada clase) e software musical
- Impresora e Scanner
- Un módulo de sons
- Un teclado mestre
- Un piano (un por cada clase)
- Mobiliario: encerados por clase, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleria, percheiro.

Actividades

- Lectura de obras ou fragmentos (adaptados aos contidos do curso)
- Análise das mesmas
- Realización de traballos monográficos
- Audición de obras de diferentes épocas referidos aos contidos do curso
- Asistencia habitual a Concertos
- Visualización de obras en vídeo que dalgún modo poidan estar relacionadas cos contidos de estudio
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos